

Plan de ACCIÓN TITORIAL

CEIP Mestre Martínez Alonso- Mos

CURSO 2022-2023

Introdución.

A acción titorial está intrínsecamente vinculada á función docente. A titoría é o eixo da función orientadora, entendendo a orientación coma o acompañamento e asesoramiento do alumnado ao longo do período escolar, coma un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a tódolos niveis.

A función titorial é o resultado do mellor axuste das necesidades educativas dos alumnos/as e á súa heteroxeneidade natural. É gracias a esta como o centro educativo pode conseguir unha máis estreita relación entre profesor-alumno-familia, entre grupos de alumnos ou entre diversos profesores do grupo clase.

Ao mesmo tempo, o orientador/a debe ser quen impulsa ese traballo, asesora, axuda a estruturar e organizar as actuacións e coordinar ao profesorado titor.

O desenvolvemento da acción educativa nas diferentes áreas cobre un amplo espectro dos contidos que se traballarán na educación infantil e primaria, pero debemos coidar o desenvolvemento de temas tan relevantes para o logro dunha educación integral da persoa como a educación en valores, aprender a aprender, o autocoñecemento e o autocontrol, a resolución de problemas, a convivencia, a toma de decisións e isto só se consegue a través da labor orientadora e de apoio de todo o equipo docente.

Un dos puntos de partida para a realización do plan é o **marco legal existente**, que incorpora a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea como competencias clave.

Coa potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe, propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Poñer en práctica este plan supón a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a contribuír de xeito determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o adecuado desenvolvemento emocional e as habilidades sociais.

1. Xustificación.

A titoría considerárase como unha actividade educativa intencional, obxecto de planificación e avaliación, sendo a súa canle institucional o Plan de Acción Titorial (en adiante, P.A.T.), e contando co asesoramento e apoio técnico especializado (Departamento de Orientación, Equipo de Orientación Específico...).

Proceso de planificación da acción titorial :

*Un primeiro nivel, competencia da Administración Educativa, constitúe un marco xeral no que se establecen os orzamentos técnicos, defínese as funcións e determínase a estrutura organizativa básica.

*Un segundo nivel, no que corresponde ao centro educativo poñer en marcha a acción titorial a través de dous documentos básicos, como son o Proxecto Educativo (do que o P.A.T. forma parte) e as programacións de nivel.

*O terceiro nivel de concreción da acción titorial defíneo o titor/a, de acordo ás características e necesidades do seu grupo de alumnos/as.

Nos tres niveis de planificación, o Departamento de Orientación intervirá activamente, realizando propostas que permitan consensuar criterios,

contidos, actividades e instrumentos para o desenvolvemento da acción tutorial no nivel correspondente.

Para que o PAT sexa funcional debe cumprir os seguintes requisitos, tal e como sinalan García, R.J; Moreno, J.M., e Torrego, J.C. (1993): *Orientación y tutoría en la educación secundaria*, Zaragoza, Edelvives; debemos ter en conta o seguinte:

- Debe ser un plan de acción, é dicir, para traballar na aula.
- Terá en conta o pasado do centro (logros, experiencias...) e o presente (necesidades) para poder proxectar un futuro.
- As propostas que aparezan no plan teñen que contrastarse coa realidade.
- O plan terá como obxectivo fundamental cambiar e mellorar.
- O plan revisarase cada curso para adaptarse a todos os cambios.

Partindo destas premisas, desenvólvese o noso PAT, donde se recollen as actuacións prioritarias que levan ao desenvolvemento desas funcións no contorno deste centro.

2. Marco legal.

O presente Plan fundamentase na normativa que regula na actualidade os Departamentos de Orientación e as ensinanzas e centros de educación infantil e primaria, según a normativa vixente:

LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 30/12/2020).

DOG - Curso 22/23 - RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan INSTRUCCIÓNS para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

(BOE 02/02/2022) - Real Decreto 95/2022 polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

(DOG 09/09/2022) - DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o CURRÍCULO da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia. (DOG 26/09/2022).

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (Queda derogado o punto 11, relativo á tramitación de reclamacións contra as cualificacións, da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade).

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as

ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26/10/2021)

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 10/02/2022)

Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.

Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Teremos presentes os protocolos e plans da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que nos axudan na nosa labor educativa:

- PROTOCOLO XUNTA TEA.
- PROTOCOLO XUNTA Síndrome de DOWN e Discapacidade intelectual.
- PROTOCOLO Urgencias sanitarias e enfermidades crónicas.
- PROTOCOLO ADDENDA Diabete.

- PROTOCOLO Atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- PROTOCOLO sobre TDAH educativo e sanitario.
- PROTOCOLO Atención educativa domiciliaria.
- PROTOCOLO de atención educativa ao alumnado con Discapacidade auditiva.
- PROTOCOLO detección, prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- PROTOCOLO intervención do risco suicida.
- PROTOCOLO de identidade de xénero.
- PROTOCOLO absentismo escolar.
- PROTOCOLO protección datos.
- ATENCIÓN TEMPERÁ: Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá..

3. A acción tutorial no CEIP Mestre Martínez Alonso

Asumido que a acción tutorial compromete á totalidade do profesorado no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, pretendemos que este plan signifique unha resposta deste centro cara á personalización da educación do noso alumnado.

Naturalmente, este proceso de axuda está condicionado á situación de partida, á realidade do conxunto deste sistema e ao noso contexto, o que determinará a elección dos obxectivos a acadar e as actuacións específicas para o seu logro.

En termos xerais, o noso contorno caracterízase, entre outras cousas, por:

-Alumnado de procedencia dunha zona que podemos catalogar como semi-urbana ou semi-rural, (Mos non posúe un núcleo urbano definido, está constituído por parroquias e barrios bastante diseminados e extensos), o que promove que o noso alumnado esté illado nas súas casas e mostre dificultades de relación típicas das sociedades actuais, pero acrecentadas pola falta deste núcleo que referenciamos.

- O equipo do **profesorado** é bastante estable, conta cunha gran parte de profesorado definitivo no centro, moi dinámicos, con moita participación en diferentes proxectos.

-Contar cun **centro de Edcuación Secundaria próximo** no que continúan os seus estudos a maioría dos nosos alumnos.

-O nivel socioeconómico cultural das **famílias** é medio. En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co colexio. Existe unha Asociación de Nais e Pais moi participativa e colaborativa co centro. O centro conta ademais cunha Escola de familias.

4. Obxetivos do Plan de Acción Tutorial

4.1. Obxectivos xerais do plan de acción tutorial:

Tendo en conta todo o referido anteriormente, con este Plan de Acción Tutorial pretendemos:

- ✓ Coñecer as características dos alumnos a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- ✓ Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- ✓ Establecer unha liña de comunicación-información permanente do titor do grupo de alumnos e o equipo docente.
- ✓ Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
- ✓ Garantir unha guía e axuda personalizada, especialmente a aqueles/as que presenten necesidades educativas de apoio específico (ACNEAE).
- ✓ Favorecer procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes e a coordinación co Departamento de Orientación.
- ✓ Establecer as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos/as.
- ✓ Implicación das familias na nosa escola de Familias: “*educando, familia-escola*”.

- ✓ Contribuir á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa entre os distintos, centros, cursos e etapas.
- ✓ Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, para facilitar a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos. No noso centro temos un equipo de convivencia e mediación.

En canto os obxetivos que implican a cada un dos membros da Comunidade Educativa, son:

4.2. Obxectivos para o profesorado:

- Coordinar a intervención educativa desde os distintos niveis de concreción curricular.
- Facilitar o coñecemento dos alumnos tanto a nivel individual como grupal.
- Valorar as características e necesidades dos alumnos.
- Posibilitar a colaboración entre os distintos profesores no proceso de avaliación dos alumnos.
- Establecer e consensuar os criterios de avaliación do alumnado.
- Realizar o seguimento dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado.
- Traspasar a información do grupo de alumnos ao seu novo titor/a, tanto no paso de nivel como no cambio de etapa.
- Coordinarse co DO para dar unha resposta educativa axustada ás necesidades específicas do alumnado.
- Facer respectar as normas de convivencia establecidas no centro.
- Programar as actividades a realizar en períodos non lectivos.

4.3. Obxectivos para o alumnado:

- Apoiar e reforzar o proceso de aprendizaxe daqueles alumnos que máis o precisen, evitando que progresivamente vaian quedando desconectados do currículo común.
- Apoiar e reforzar ao alumno desde o punto de vista socioafectivo, motivándoo na aprendizaxe e formulándolle retos cognitivos que se sitúen dentro das súas posibilidades de obtención de éxito.
- Solicitar o asesoramento e a colaboración do DO ou do Equipo de Orientación Específico cando o problema o requira.

4.4. Obxectivos para as familias:

- Implicarse no proceso educativo de seus/súas fillos/as.
- Colaborar activamente co profesorado para conseguir un mellor desenvolvemento do proceso educativo do seus/súas fillos/as.
- Informar aos pais sobre contidos mínimos do nivel seguinte.
- Informar sobre o rendemento académico de modo periódico.
- Asesorar sobre os modelos de intervención educativa.
- Solicitar a súa opinión sobre a promoción a outro nivel ou etapa educativa.
- Informar sobre actitudes do alumno, ante o traballo escolar, compañeiros/as e adultos.
- Informar sobre condutas.
- Solicitar información dos anteriores aspectos na casa.
- Orientar posibles cambios e suxerir melloras. Facilitar entrevistas con outros profesores.
- Estimular proxectos de actuación conxuntos con obxectivos unificados.



5. Liñas de acción tutorial

LIÑAS DE ACCIÓN TUTORIAL	CONTIDOS
1. COMEZO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> ★ Coñecemento mutuo. ★ Inclusión no grupo. ★ Establecemento de normas. ★ Horarios. ★ Dereitos e Deberes. ★ Reparto de responsabilidades.
2. AS RELACIÓNS NO GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> ★ Autoestima. ★ Expresión de sentimentos. ★ Estrutura do Grupo. ★ Habilidades sociais. ★ Resolución de conflitos.
3. COÑECEMENTO DOS ALUMNOS	<ul style="list-style-type: none"> ★ Actitudes. ★ Motivación e intereses. ★ Aptitudes. ★ Rendemento. ★ Historia Persoal.
4. MELLORA DOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none"> ★ Técnicas de Estudo. ★ Organización de tempos. ★ Técnicas de dinámica de grupos. ★ Apoios e reforzos. ★ Adaptacións do curriculum.
5. COORDINACIÓN COA FAMILIA	<ul style="list-style-type: none"> ★ Colaboración educativa. ★ Colaboración informativa ★ Colaboración formativa.
6. COORDINACIÓN CO PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> ★ Coordinación. ★ Establecemento de criterios de avaliación. ★ Deseño e planificación conxunta. ★ Reforzo e apoio. ★ Seguimento do proceso de avaliación de alumnos.

7. AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ★ Avaliación Inicial. ★ Revisión de expedientes. ★ Instrumentos de observación e rexistro. ★ Procedementos de información a alumnos e familias. ★ Avaliación da titoría.
---------------	--

6. Organización da función titorial no noso centro

A titoría dun grupo de alumnos é unha parte inherente á acción educativa, que debe responder aos obxectivos establecidos no P.A.T., (descritos anteriormente), e a unha organización e planificación recollidas nos distintos documentos institucionais do centro.

A planificación da titoría require ter en conta:

6.1 Funcións do titor/a con respecto ao alumnado, familias e profesorado.

As funcións do titor/a son o punto de partida na organización da titoría nos seus tres ámbitos: alumnado, profesorado e familias. Para o desenvolvemento destas funcións, as titorías orgánzanse da seguinte forma:

*A acción titorial, que a realiza o/a profesor/a titor/a do grupo-clase (co asesoramento, de ser necesario, do D.O.);

*As actividades de titoría, que están incluídas na programación de aula.

A planificación da acción titorial baséase nunha análise inicial do grupo e as priorizacións establecidas polo centro.

A continuación ofrécese un resumo das funcións levadas a cabo polos tutores e que xa estaban postas en práctica antes da elaboración deste documento.

O TITOR EN RELACIÓN AO ALUMNADO

- Atende ás dificultades de aprendizaxe dos alumnos, procedendo á adecuación persoal do currículo.
- Facilita a integración do alumno/a no grupo e fomenta a súa participación nas actividades do centro.
- Orienta e asesora aos alumno sobre as súas posibilidades educativas.
- Canaliza os problemas e inquietudes dos alumnos.
- Informa aos pais, mestres e alumnos do grupo de todo aquilo que lles afecte, das actividades docentes e do rendemento académico.
- Atende e coida, xunto co resto de profesores do Centro, aos alumnos nos períodos de recreo e noutras actividades non lectivas.

O TITOR EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

- Informa aos pais do grupo de todo aquilo en relación coas actividades docentes e rendemento académico.
- Facilita a cooperación educativa entre os mestres e os pais de alumnos/as.
- Contribúe á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, asumindo o papel de mediación e, se fai falta, de negociación ante os conflitos ou problemas que poidan xurdir.

O TITOR EN RELACIÓN AO PROFESORADO

- Participa no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos.
- Coordina o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta a decisión que proceda acerca da promoción de curso dos alumnos previa audiencia dos pais ou tutores legais.
- Colabora co Departamento de Orientación nos termos que establezan os documentos (Plan De Orientación, Plan de Atención á Diversidade...).

- Atende e coida, xunto co resto de profesores do centro, aos alumnos nos períodos de recreo e noutras actividades non lectivas.

6.2 Criterios de asignación de titorías.

Clarificadas as funcións, no centro establécense os seguintes criterios de asignación de titorías, cunha orde de prioridade e xiran en torno a:

-Coñecemento das características psicoevolutivas e educativas do alumnado; horario dispoñible do profesor/a.

-Horario semanal de atención ao grupo;

-Criterios pedagóxicos;

-Antigüidade no centro.

6.3 Organización da atención á diversidade.

O apoio educativo debe ser entendido como o conxunto de recursos dispoñibles para favorecer os procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado. Vai desde a resposta ás necesidades educativas nun momento concreto ata a resposta ás necesidades educativas de carácter permanente.

As cuestións a ter en conta son:

QUEN: se encargará do apoio:

Profesorado titor e profesorado de área con dispoñibilidade horaria: atención individualizada; reforzo de tarefas; programas específicos de reforzo...

Profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e linguaxe: atención a alumnado con n.e.a.e.

COMO: Modalidades de apoio: fóra ou dentro da aula

CANDO: Establecer os horarios do reforzo/apoio específico

6.4 Coordinación.

Tendo en conta que a acción tutorial en Primaria require da presenza dun profesor/a que coordine a intervención dos distintos especialistas nun grupo, establécense os seguintes criterios para dita coordinación:

- Calendario de reunións, que anticipa mensualmente a xefa de estudos.
- Planificación das mesmas: análise do grupo, liñas pedagóxicas a seguir, sistemas de avaliación, elaboración e complementación de informes, elaboración de programacións....

Tamén é importante a colaboración destes coas mestras de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e coa Orientadora do Centro, así como as reunións para realizar actuacións consensuadas que realiza o propio D.O.

6.5 O PAT na organización do centro

6.5.1 Accións centradas nos alumnos

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
<p>Actividades de acollida aos alumnos novos, e nos cambios de nivel ou etapa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ★ Flexibilización dos primeiros días nos alumnos de tres anos. ★ Establecemento de normas de funcionamento na clase ★ Presentación de horarios. <p>Inclusión de novos alumnos/as no grupo (repetidores, alumnos de novo ingreso...).</p>	<p style="text-align: center;">SETEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Plan de adaptación dos alumnos de 3 anos. ★ Plan de acollida de novos alumnos ★ Horarios de clase. ★ Xogos de presentación, aficións...
<p>Información sobre os antecedentes académicos dos alumnos.</p>	<p style="text-align: center;">1ª QUINCENA DE SETEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Expediente persoal do alumno. ★ Informes individualizados de avaliación. ★ Rexistros de avaliación Individualizados. ★ Informes Psicopedagóxicos (si fose o caso) ★ Plan específico de reforzo e recuperación (para alumnos repetidores ou os que pasan con algunha asignatura suspensa).
<p>Solicitude de intervención ou asesoramento do Departamento de Orientación para os casos que o requiran.</p>	<p style="text-align: center;">AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Modelo de solicitude (Plan Xeral de Atención Diversidade).

<p>Coñecemento dos hábitos de estudo e estilos de aprendizaxe individuais e grupais.</p> <p>Establecemento das necesidades de apoios específicos e reforzos educativos.</p>	<p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Rexistros de observación. ★ Anecdóticos. ★ Diarios de clase. ★ Asesoramento do D.O
<p>Recollida de información sobre temas de interese para os alumnos, e posibilidade de realización dalgunha das súas propostas.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Asembleas de clase.
<p>Coordinación de actividades que fomenten a convivencia: celebracións, excursións...</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Programación Xeral Anual. ★ Equipo de convivencia
<p>Desenvolvemento dunha autoestima positiva.</p> <p>Estratexias de mellora.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Asesoramento do D.O.
<p>Elaboración de UD contextualizadas en cada área, tendo en conta a aprendizaxe significativa, e dentro do PDI</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ★ Programacións de Aula

6.5.2 Acci3ns centradas no equipo docente

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACI3N	RECURSOS
Recollida de informaci3n e propostas dos profesores de nivel.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions de coordinaci3n de CICLO.
Transmisi3n de informaci3n a todos os profesores que inciden no grupo de alumnos. Informaci3n sobre o alumnado.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions de ciclo.
Revisi3n do Plan de Acci3n Titorial.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions de ciclo e claustro.
Sesi3ns de avaliaci3n	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions de ciclo.
Decisi3n sobre a promoci3n ou permanencia.	3º TRIMESTRE	★ Criterios de promoci3n e permanencia. ★ Reunions de ciclo.
Programaci3n e preparaci3n das actividades complementarias.	AO LONGO DO CURSO	★ Equipo de Actividades Complementarias. ★ Reunions de ciclo.
Coordinaci3n das actuaci3ns no tratamento das necesidades especifcas de apoio educativo (n.e.a.e.) e na atenci3n 3 diversidade.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions do Departamento de Orientaci3n. ★ Comisi3n de Coordinaci3n Pedag3xica.
Elaboraci3n e elecci3n de materiais did3cticos.	1º e 3º TRIMESTRE	★ Reunions de ciclo. ★ Claustros.
Informe individualizado de avaliaci3n.	XUÑO	★ Modelos Informes

6.5.3 Acci3ns centradas nas familias

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACI3N	RECURSOS
Entrevista persoal ao inicio da escolarizaci3n.	SETEMBRO	★ Gui3n (Per3odo de Adaptaci3n 3 anos).
Reuni3n xeral de nivel de inicio de curso.	OUTUBRO	★ Gui3n xeral para a reuni3n. Programaci3n Xeral Anual.
Informaci3n sobre normas de conduta que favorecen a adquisici3n de h3bitos e t3cnicas de estudo.	AO LONGO DO CURSO	★ Xuntanza xeral de inicio de curso. ★ Horario de atenci3n aos pais.
Datos persoais do alumno/a.	SETEMBRO	★ Ficha persoal do alumno. ★ Expediente acad3mico do alumno.
Informaci3n trimestral escrita dos resultados da avaliaci3n do alumno Bolet3ns de notas.	1º,2º e 3º TRIMESTRE	★ Bolet3n de notas
Entrevistas persoais individuais. Informaci3n peri3dica sobre conduta e rendemento acad3mico dos seus fillos.	AO LONGO DO CURSO	★ Horario de atenci3n aos pais.
Solicitud de colaboraci3n e participaci3n nas actividades organizadas pola comunidade educativa.	AO LONGO DO CURSO	

Información sobre orientación académica ao remate de Primaria (6º curso).	XUÑO	★ Xuntanza do orientador IES de Mos cos pais dos alumnos de 6º nivel. (segundo disponibilidad)
Recomendacións e orientacións cara ás vacacións para os alumnos que o necesiten.	XUÑO	★ Reunións de ciclo.
Información sobre a decisión de non promoción de nivel, no seu caso.	XUÑO	★ Informes do alumno, listas de control, rúbricas,...
Recomendacións para os alumnos de 3 anos de ingreso no curso seguinte.	XUÑO	★ Reunión da orientadora e o equipo de educación infantil coas familias dos alumnos: recomendación de cara ao verán.

6.6 Outros Programas en coordinación cos titores

6.6.1 PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Esta intervención ten a intención de estimular e potenciar o desenvolvemento da competencia comunicativo-lingüística dos alumnos na etapa de educación infantil, así como mellorar a súa comprensión e expresión oral. Ademáis, -dende un enfoque preventivo- búscase previr a aparición de posibles problemas posteriores no proceso lecto-escritor.

OBXECTIVOS.

- Estimular as capacidades cognitivas básicas.
- Potenciar o desenvolvemento das bases anatómicas e funcionais da linguaxe.
- Favorecer e reforzar a adquisición completa do sistema fonolóxico.
- Promover o desenvolvemento das habilidades metafonolóxicas.
- Estimular a organización semántica.
- Favorecer o desenvolvemento morfosintáctico.
- Estimular os aspectos pragmáticos da linguaxe.
- Informar e dar pautas de actuación a pais e mestres.

DESENVOLVEMENTO.

O programa desenvolverase ao longo de todo o ano académico no cursos 4º, 5º e 6º de educación infantil. Se desenvolve co grupo – clase nunha sesión semanal. O programa será levado a cabo polos especialistas en Audición e Linguaxe.

Os contidos a traballar neste programa, agrupados por categorías son os seguintes:

- Dimensións da linguaxe:
 - Forma: morfosintaxe, así como a fonética, fonoloxía a través de diálogos e assembleas.
 - Contido: actividades para traballar aspectos semánticos da linguaxe (vocabulario de animais, do tempo, festividades ...).
 - Uso: aspectos semánticos da linguaxe.
 - Bases anatómicas e funcionais da linguaxe (discriminación auditiva, axilidade bucofacial, respiración , soplo).
 - Procesos cognitivos básicos: atención, memoria, percepción e razoamento.

AVALIACIÓN.

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación en colaboración coas titoras de educación infantil dos grupos destinatarios do programa.

6.6.2. PROGRAMA DE ACOLLIDA EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Visita ao colexio no mes de maio dos nenos e nenas que comezarán na aula de 4º de Educación Infantil.

Así mesmo no mes de xuño visitarán o centro as familias x asen os nenos e nenas e recibirán a benvinda das mestras de Ed. Infantil, da Xefa de Estudos e da Orientadora.

Resolverán as dúbidas das nais e pais e daránse as directrices para o comezo do curso.

6.6.3. PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A E.S.O: PROXECTO GUÍAME.

Pódese ver o desenvolvemento do programa no seguinte enlace:

<https://view.genial.ly/5ec124f48e243b0d5a3351d3/presentation-proxecto-guiame-2>

Este programa ten como finalidade facilitar ao alumnado o tránsito entre a etapa de educación primaria e a educación secundaria obrigatoria; nunha etapa evolutiva cargada dunha morea de cambios a nivel físico, mental, social, afectivo, etc.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

1. Facilitar o tránsito e a adaptación do alumnado de 6º de educación primaria a o IES, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Anticipar ao alumnado información sobre a educación secundaria que facilite a súa posterior adaptación.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

O programa de acollida do alumnado de 6º de Educación Primaria que se incorpora a Educación Secundaria Obrigatoria constará das seguintes fases/temporalización:

1º TRIMESTRE: COÑECETE.

1ª SESIÓN. Explicación de qué é o que pretendemos conquistar con este programa. Repártese unha folla de características da personalidade e o alumnado a cubre e léese en voz alta. Dáselle un cuestionario de características de personalidade ao titor/a e os pais.

2ª SESIÓN. Con tódalas enquisas (pai, nai, compañeiro, titor) encherán un cadro e elixirán aquelas características que teñan máis coincidencias. Farán a redacción "Cómo son eu". Posta en común.

3ª SESIÓN. Se repartirá e cubrirá un impreso referente a valores: que me importa?, cales son os meus valores?. Na casa reflexionarán e cubrirán un cuestionario sobre preferencias en materias e a súa traxectoria escolar. Posta en común.

2º TRIMESTRE: INFÓRMATE

1ª SESIÓN. Explicación na aula do que significa a ESO. Información da charla-coloquio que nos darán. Enquisa.

2ª SESIÓN. Charla-coloquio impartida por exalumnos do colexio. Enquisa da ESO. Posta en común.

3ª SESIÓN. Coñecemos diferentes profesións. Confección de ficheiro cos materias dados.

3º TRIMESTRE: DECÍDETE

1ª SESIÓN. Chuvia de ideas/posta en común: que é decidir algo e que factores hai que ter en conta para tomar unha boa decisión. Elaboración de materias e enquisas.

2ª SESIÓN. Procédese á lectura das enquisas entregadas o día anterior facendo as aclaracións pertinentes. Elaboración da definición de problema. Lectura de problemas plantexados. Posta en común.

Realízase una visita guiada ao IES de Mos, donde se expoñen as inquietudes ou dúbidas que puideran xurdir ao longo deste programa ao orientador do IES ou aos compañeiros que os reciben.

4.SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación será levada a cabo pola orientadora, que se coordinará coa orientadora do IES para valorar como de eficaz foron as accións desenvolvidas á hora de axudar na adaptación do alumnado de 6º.

6.6.4. PLAN DE ACOLLIDA AO NOVO ALUMNADO

Xornada de PORTAS ABERTAS no mes de maio.

Xornadas de acollida na última semana de xuño e nos primeiros días do mes de xullo: os novos alumnos acompañados da súas familias son informados no colexio do funcionamento, instalacións, etc.

6.6.5. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU QUE PASA DE CURSO CON ALGUNHA ASIGNATURA SUSPENSA.

(Ver ANEXO 1)

7. Seguimento e avaliación do PAT.

Para a avaliación do presente documento, realizarase unha avaliación continua para ir introducindo as medidas de mellora que se coordinarán nas reunións periódicas do equipo docente. Avaliarase como un apartado máis dentro da revisión do Plan Xeral Anual.

No último trimestre realizarase unha valoración que se reflicitará na memoria onde se fará constar o grao de satisfacción, logros, dificultades e propostas de mellora para o curso seguinte.

O principal criterio de avaliación será a consecución ou non dos obxectivos propostos coas actividades que os mesmos implican.

A avaliación será realizada polo Departamento de Orientación e utilizarase o cuestionario que figura nos **Anexos 2,3,4,5**.

ANEXOS

ANEXO 1:

- PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO O RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU QUE PASA DE CURSO CON ALGUNHA ASIGNATURA SUSPENSA

ANEXO 2: MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

- 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ANEXO 3: MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- EDUCACIÓN PRIMARIA- CURSOS 1º E 2º

ANEXO 4: MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- EDUCACIÓN PRIMARIA – CURSOS 3º E 4º

ANEXO 5: MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- EDUCACIÓN PRIMARIA – CURSOS 5º E 6º

ANEXO 6:

- CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA PARA PREPARACIÓN PARA A ESO

ANEXO 1

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU QUE PASA DE CURSO CON ALGUNHA ASIGNATURA SUSPENSA

PLAN ESPECÍFICO

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo incluirá:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

ANEXO 2

MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: ED. INFANTIL

DOCUMENTO 1: CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Ano académico: 20....-20.....

EDUC. INFANTIL

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan, considerando estas tres dimensións: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida), ND (non desenvolvida).

ACTUACIÓN PREVISAS NO PAT	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acolida.			
Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal a cada familia, de cara á obtención da información necesaria para a ficha de avaliación inicial.			
Cumprimentación, nos casos que corresponda, da ficha de avaliación inicial.			
Análise do expediente persoal do alumnado e de toda aquela información que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe			
Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira coincida co comezo do curso .			
Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.			
Promoción da coordinación entre as etapas de Infantil e Primaria.			
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumno establecendo canles de comunicación e colaboración que favorezan a educación integral.			

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PAT (Continuación)	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Elaboración dun informe escrito trimestral que recolla os datos sobre os progresos e dificultades detectadas na consecución dos obxectivos, integración socioeducativa, iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio ou RE adoptadas ou propostas.			
Realización, ao remate da etapa, do informe de avaliación final.			
Cumprimentación dos datos correspondentes ao informe persoal.			
Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo, ...			
Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.			
Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan			
Promoción e coordinación de actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.			
Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.			
Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade			
Coordinación da acción común do profesorado do mesmo grupo de alumnos			
Organización das sesións de avaliación, coordinando a mellora da intervención educativa e responsabilizándose da elaboración das actas.			
Transmitir aos profesores todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.			

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO:

Mos, de xuño de 20...

A COORDINADORA

Asdo:.....

ANEXO 3

MEMORIA E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

PRIMEIRO CICLO DE EDUC. PRIMARIA (1º E 2º).

DOCUMENTO 2: CUESTIONARIO PARA AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Ano académico: 20....-20....

1º CICLO DE EDUC. PRIMARIA

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan considerando estas tres dimensións: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida), ND (non desenvolvida).

ACTUACIÓN PREVISAS NO PAT	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no Programa de Acollida			
Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes do curso e/ou etapa anterior e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe			
Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se realice antes do 31 de outubro e nela se dea completa información.			
Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.			
Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa intervención no desenvolvemento global do alumno e, concretamente, nas tarefas de estudo.			
Promoción da coordinación cos equipos do 2º ciclo de Ed. Infantil e entre os distintos niveis da etapa.			
Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.			
Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, desenvolvemento persoal e social do alumnado e promoción da convivencia			

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PAT (Continuación)	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Procurar a colaboración dos pais e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos, promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable fronte ás dificultades que se plantexen.			
Organización das sesións de avaliación e coordinación de todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno e responsabilizándose da cumprimentación das actas			
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades dos alumnos, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.			
Actualización do expediente do alumnado			
Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo, ...			
Cumprimentación dos documentos de avaliación			
Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.			
Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.			
Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.			
Transmitir aos profesores todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.			
Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo			

Propostas de mellora do Plan de Acción Titorial para o próximo curso:

Mos, a de xuño de 20...

A COORDINADORA

Asdo.:

ANEXO 4

**MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL:
EDUCACIÓN PRIMARIA – 2º CICLO DE EP**

DOCUMENTO 3: CUESTIONARIO PARA AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. 2º CICLO EP**MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Ano académico: 20.....-20.....

2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (3º-4º)

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan, considerando estas tres dimensións: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida), ND (non desenvolvida)

ACTUACIÓN PREVISAS NO PAT	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no Programa de Acollida.			
Realización da avaliación inicial , revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.			
Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarles de todo o relativo ao proxecto educativo e á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se desenvolva antes do 31 de outubro e nela se dea completa información.			
Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.			
Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa intervención no desenvolvemento global do alumno e, concretamente, nas tarefas de estudo.			
Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.			

AUTOAVALIACIÓN DO PAT

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PAT (Continuación)	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Actualización do expediente do alumnado			
Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.			
Participación no deseño e desenvolvemento de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.			
Organización das sesións de avaliación, coordinando todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno e responsabilizándose do enchido das actas			
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación			
Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.			
Procurar a colaboración dos pais e o intercambio e análise de información en relación ao desenvolvemento dos seus fillos, promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable			
Transmitir aos profesores todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.			
Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.			

ANEXO 5

MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

EDUCACIÓN PRIMARIA – 3º CICLO DE ED. PRIMARIA

DOCUMENTO 4: CUESTIONARIO PARA AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. 3º CICLO EP**MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Ano académico: 20.....-20.....

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (5º-6º)

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan, considerando estas tres dimensións: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida), ND (non desenvolvida).

ACTUACIÓN PREVISAS NO PAT	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no Programa de Acolida			
Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.			
Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarles de todo o relativo ao proxectos educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se desenvolva antes do 31 de outubro e nela se dea completa información.			
Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.			
Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa intervención no desenvolvemento global do alumno e, concretamente, nas tarefas de estudo.			
Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.			
Promoción da coordinación co equipo de 1º de ESO.			

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PAT (Continuación)	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Participación no deseño e desenvolvemento de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.			
Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.			
Participación no deseño e desenvolvemento do programa de preparación para a ESO.			
Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientativa, tratando de coordinar todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno e responsabilizándose do enchido das actas.			
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.			
Actualización do expediente do alumnado			
Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo, ...			
Cumprimentación dos documentos de avaliación.			
Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.			
Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro			
Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver			
Procurar a colaboración dos pais e o intercambio e análise de información en relación ao desenvolvemento dos seus fillos, promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se plantexen.			

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PAT (Continuación)	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo			
Transmitir aos profesores todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.			

Propostas de mellora do Plan de Acción Titorial para o vindeiro curso:

Mos, a de xuño de 20...

A COORDINADORA

Asdo.:

ANEXO 6

**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA PARA PREPARACIÓN
PARA A ESO (ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL).**

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación do Programa de Preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.

Deberá encherse sinalando cun X no cadro que corresponda.

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESO E O IES de MOS	Adecuada	Inadecuada
A información que se facilitou sobre o sistema educativo e a ESO foi		
A información que se facilitou sobre a oferta educativa e o funcionamento do IES foi		
Os medios que se empregaron na charla (proxeccións, fotocopias,...) parecéronche		
A acollida no IES, a visita e as informacións recibidas parecéronche.....		

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO:

Mos, a de xuño de 20...

A COORDINADORA DO 3º CICLO,

Asdo.:

